



ASUNTO: Consulta sobre temas académicos en relación coa extinción do plan de estudos do título de Arquitecto

Con data 30 de setembro ten entrada no Rexistro Xeral un escrito da Escola Técnica Superior de Arquitectura(ETSA) dirixido á Vicerreitoría de Organización Académica e Innovación Docente no que se consultan diversas cuestións que formula o alumnado da titulación citada no asunto, en relación co curso académico 2017/2018, ano da extinción definitiva do título e no que o alumnado unicamente pode realizar e defender o seu Proxecto Fin de Carreira, en base á Instrución da Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías de data 30 de abril de 2013.

As cuestións son as seguintes:

1.- Posibilidade de recoñecementos de créditos de libre elección:

Os créditos de libre elección deberán cursarse por última vez por el alumno no ano académico 2016/2017 en calquera das modalidades previstas no Regulamento de Libre Elección e deberá solicitarse o seu recoñecemento da forma establecida no citado regulamento no prazo de matrícula do curso seguinte, e dicir no curso 2017/2018, no que se extingue definitivamente a titulación de Arquitecto.

2.- Posibilidade de avaliación na derradeira convocatoria no curso 2017/2018:

En base á resolución citada a posibilidade de render exame ao amparo da Resolución Reitoral de 27/09/2012 (pola que se regula a derradeira convocatoria daquelas materias que non teñan dereito a exame por seren de cursos totalmente extinguidos) finalizará no curso académico 2016/2017 para a titulación de Arquitecto, polo que non será posible no curso 2017/2018.

3.- Posibilidade de optar á avaliación por compensación no curso académico 2017/2018:

Na titulación de Arquitectura o curso 2017/2018 unicamente será posible a matrícula no citado proxecto co fin da súa realización e defensa nas convocatorias establecidas nese curso, sendo ademais necesario ter superadas todas as materias da titulación para poder realizar a matrícula do citado proxecto.

En base ao anterior, a última posibilidade de solicitar a avaliación por compensación nunha materia pendente será no prazo de matrícula do curso 2017/2018 só a estes efectos. De forma que a Escola poida organizar os tribunais de avaliación por compensación de forma previa á defensa do PFC, ó que o alumno ten que chegar con todas as materias superadas.

A Coruña, 20 outubro de 2016

A Vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente,


Asdo: Nancy Vázquez Veiga

DIRECTOR DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ARQUITECTURA

C/C Administradora do Centro